CAMIÑOS DE SANTIAGO

GONZALO. 5ºC

O 2010 é Ano Santo en Compostela e peregrinos de todo o mundo veñen facendo o camiño de Santiago para visitar a tumba do Apóstolo. Para que lle den a Compostela teñen que camiñar como mínimo 100 km a pé ou a cabalo ou 200 km en bicicleta.
O día 4 de xuño os alumnos de 4º, 5º e 6º fixemos un tramo de 14 km do camiño de Santiago. Primeiro os autobuses levaron aos pais á rotonda de Oviedo e despois aos nenos. Alí comezamos a camiñar os nenos e nenas, os mestres e os pais ás 9:30 da mañá. Iamos todos moi ledos e amin púxoseme un ollo mal pola alerxia ao pole. Laveino e seguin camiñando. Paramos ás 11:30 da mañá para repoñer forzas. Despois seguimos camiñando ata o Monte do Gozo onde comimos a comida que levabamos sentados no chan. Cando saimos do Monte do Gozo iamos un pouco cansos e dende alí fomos acompañados por Protección Civil.
Ás 5 e media da tarde chegamos á praza da Quintana e fixéronnos fotos e despois fomos á misa do pergrino e ver o botafumeiro. A misa celebrouna o meu amigo Xoán Filgueira e felicitou ao Colexio moitas veces.
O camiño foi toda unha experiencia. Espero volver a facelo no proximo Ano Santo 2021.

CAMIÑOS DE SANTIAGO

SARA, RAQUEL, ALBA, ANDREA, CARLA, ENMA, ANDREA, CAROLINA, ANGELA, GLORIA, SILVIA E ANDREA. 5ºB

O camiño de Santiago de Compostela é unha ruta que percorren os peregrinos de España e de toda Europa para chegar a cidade de Santiago de Compostela onde se veneran as reliquias do Apóstolo Santiago o Maior. As oríxes do culto a Santiago en Gallaecia a finais do século VIII difundíuse no noroeste a lenda do Santiago Maior.

CAMIÑO DE FISTERRA

Coñécese como Camiño a Fisterra (ou Camiño de Fisterra) a extensión do Camiño de Santiago que une a capital galega co cabo de Fisterre, situado ao sur da lexendaria costa da Morte.
Os peregrinos percorren o camiño no sentido que vai dende a cidade do APÓSTOLO ata a costa galega. Nos últimos anos, tamén se sinalizou e promocionou a variante de Muxía, que dende a localidade do Hospital diríxese a ista poboación mariñeira.
Xa na Idade Media, algúns peregrinos achegábanse a Muxía, antes de ir a Fisterra, para visitar o santuario da Nosa Señora da Barca, lugar no que segundo unha lenda, a virxe María chegou en barca para alentar o APÓSTOLO na súa ardua tarefa. Hoxe en día tamén está sinalizado o camiño que, bordeando a costa, une Muxía co cabo de Fisterra.
O Camiño de Fisterra ten un percorrido de 88 km e, polo tanto, pódese realizar en 3 ou 4 xornadas a pé, as mesmas que son necesarias para ir a Muxía para aqueles que opten por esta variante.
A orixe do Camiño de Fisterra é certo, a maioría dos historiadores consideran a este cabo como o auténtico término das antigas peregrinacións paganas anteriores ás cristianacións, dado que o consideraban o lugar onde se remataba o mundo, sitio a partir de cal xa non se podía seguir máis aló do Sol, o declive. Hoxe, sen embargo, contrariamente ao que sempre se crera, sabemos que hai outros lugares xeográficos, tanto de Portugal coma de Galicia (cabo Touriñán) máis occidentais que o cabo de Fisterre.

CAMIÑO INGLES

Este camiño era o preferido dos peregrinos procedentes dos países ESCANDINAVOS, FLANDES, OS PAISES BAIXOS, O NORTE DE FRANCIA, e ante todo, polos romeiros ingleses e irlandeses para chegar a GALICIA.
Os peregrinos arrimaban as costas galegas nas embarcacións de pouco calado como navíos …que podían chegar con facilidade a calquer sitio, rincón.
Nas expedicións viaxaban algúns cruzados, que fixeron escala en SANTIAGO para visitar o sepulcro do Apóstol antes de chegar a XERUSALÉN.
Os peregrinos que elixían este camiño, o inglés, encontraban a protección dos mosteiros e os hospitais, dende FERROL ata CORUÑA.
A partir do século XIV sumáranse na protección dos romeiros, a Orde Franciscana.
A andadura dos peregrinos ata o sepulcro do Apóstolo, arrancaba dende os portos da CORUÑA ou de O FERROL. Nas zonas de maior importancia estratéxica levantáronse torres de defensa.

CAMIÑO FRANCÉS

O camiño francés, chamado camiño de Santiago, cruza os Pireneos por dous sitios uníndose en Ponte da Raíña, onde se crea unha única corrente de peregrinación ata Compostela.
Enlaza Europa co noroeste de España, xurdindo poucos anos despois da aparición do Apóstolo.
O camiño ten trece etapas cunha media de cincuenta quilómetros cada unha. Nestas etapas destacan as cidades de Logroño, Burgos, León e Astorga, rematando en Santiago.
Os peregrinos levaban, según a iconografía xacobea, sombreiro, abrigo, calzado forte, bordón, cabaza e zurrón.
Ao chegar a Santiago dábanlles a “Compostela”, no que figuran os selos dos mosteiros, igrexas e albergues. Este documento acredita que o peregrino fixo o camiño a pé, a cabalo ou en bicicleta.
Como recordo do seu paso por Santiago levaban a cuncha de vieira.